

**3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022****3.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.****3.1.1 PENDENTES FRANCÉS 1ª LINGUA ESTRANXEIRA ESO**

Ninguén ten pendente Francés 1ª Lingua Estranxeira

**3.1.2 PENDENTES FRANCÉS 2ª LINGUA ESTRANXEIRA ESO****Contidos esixibles**

Os contidos esixibles son os da materia pendente que foron impartidos presencialmente no curso anterior ou cursos anteriores para certo alumnado. Déuselle a cada alumno/a unha relación dos contidos a estudar para cada trimestre.

**Programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes**

No mes de outubro, convocouse a unha reunión ao alumnado con Francés pendente da E.S.O para expoñerlle o plan de traballo do Departamento. Déuselle para cada trimestre unhas datas nas que tiña que recoller un dossier e outras datas para entregalo. Estes dossieres permítenlles revisar os contidos que se avalían en probas trimestrales.

O profesorado do departamento queda a enteira disposición do alumnado para resolver calquera dúbida que éste teña, durante as clases se é posible e se o/a alumno/a segue cursando Francés e senón en calquera momento no que estea dispoñible, en horas de xefatura de Departamento, en recreos...

O alumnado coa materia de Francés pendente ten a súa disposición material para estudar e realizar os traballos dos dossieres no Departamento de Francés e na Biblioteca do Centro (libros de texto, gramáticas, dicionarios...)

**Procedementos para a cualificación de materias pendentes.**

A nota de cada avaliación é calculada sobre unha puntuación de 10 seguindo o seguinte reparto:

<b>Coñecemento da lingua, comprensión escrita e expresión escrita)</b>	<b>75.00%</b>	<b>Proba escrita</b>
<b>Traballo</b>	<b>25.00%</b>	<b>Dossier</b>

Calcularemos a media aritmética dos resultados das tres avaliacións e lla comunicaremos ao alumnado o venres 6 de maio 2022.

O alumnado que obtivese unha cualificación insuficiente (inferior a 5) realizará un exame global o xoves 19 de maio 2022.

No período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación ordinaria, haberá un exame escrito de recuperación para o alumnado que non aprobouse antes.

### **3.1.3 PENDENTES FRANCÉS BACHARELATO**

En Bacharelato, ningún ten as materias de Francés 1ª Lingua Estranxeira ou 2ª Lingua Estranxeira suspensas.

### **3.2. Especificar os criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO.**

#### **FRANCÉS 1ª LINGUA ESTRANXEIRA e FRANCÉS 2ª LINGUA ESTRANXEIRA ESO**

A cualificación final será a media aritmética dos resultados das tres avaliacións, media que lle será comunicada ao alumnado no momento da entrega das notas da 3ª Avaliación.

Entre o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO, o alumnado que teña unha media inferior a 5 realizará unha serie de actividades de apoio e de reforzo que lle permitirá preparar unha proba final de recuperación. Será un exame escrito no que deberá obter como mínimo un 5 para aprobar a materia.

Nese mesmo período, o alumnado que teña unha media de 5 ou superior a 5 realizará unha serie de actividades de reforzo e de ampliación. Poderá presentarse a unha proba final para mellorar a cualificación media obtida nas tres avaliacións. Será un exame escrito. A cualificación final ordinaria será a nota máis alta entre a media do curso e o resultado dese exame.

### **3.3. Especificar os criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC.**

#### **FRANCÉS 1ª LINGUA ESTRANXEIRA e FRANCÉS 2ª LINGUA ESTRANXEIRA 1º BACHARELATO**

A cualificación final ordinaria será a media aritmética dos resultados das tres avaliacións.

Entre o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e o remate do período lectivo en 1º de Bacharelato, o alumnado que teña unha media inferior a 5 realizará unha serie de actividades de apoio e de reforzo que lle permitirá preparar a proba extraordinaria. Será un exame escrito no que o alumnado deberá obter como mínimo un 5 para aprobar a materia.

Nese mesmo período, o alumnado que teña unha media de 5 ou superior a 5 realizará unha serie de actividades de reforzo e ampliación.

### **3.4. Especificar os criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e e avaliación de acceso á universidade para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC.**

#### **FRANCÉS 2ª LINGUA ESTRANXEIRA 2º BACHARELATO**

A cualificación final ordinaria será a media aritmética dos resultados das tres avaliacións.

Entre o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e o remate do período lectivo en 2º de Bacharelato, o alumnado que teña unha media inferior a 5 realizará unha serie de actividades de apoio e de reforzo que lle permitirá preparar a proba extraordinaria. Será un exame escrito no que o alumnado deberá obter como mínimo un 5 para aprobar a materia.

Nese mesmo período, o alumnado que teña unha media de 5 ou superior a 5 realizará unha serie de actividades de preparación aos exames de acceso á universidade.